

## ANUNCIO

Transcríbese a continuación as actas do tribunal donde constan as puntuacións provisionais do PROCESO SELECTIVO TÉCNICO/A FORESTAL “OBRADOIRO DE EMPREGO TORRE DE GOIÁNS IV-BOIRO” :

“ACTA Nº1 DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN - PROCESO SELECTIVO TÉCNICO/A FORESTAL “OBRADOIRO DE EMPREGO TORRE DE GOIÁNS IV-BOIRO”

SESIÓN DO 26/11/2024

### Asistentes:

Presidente: María Mariño Poza

Secretaria: Martín Blanco Buceta

Vogal 1: Ángela Resúa Rodríguez

Vogal 2: Carmen Santamaría Olveira

Vogal 3: Carmen Saavedra Pego

No salón de plenos da Casa Consistorial, sendo as 08,30 horas do 26/11/24, reúnen-se os membros do tribunal designado para a selección dun/ha técnico/a forestal do Obradoiro de Emprego Medioambiental Torre de Goiáns IV-Boiro

O anuncio e bases da convocatoria publicáronse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 212 de data de 04/11/2024 e na páxina web do concello [www.boiro.gal](http://www.boiro.gal).

O obxecto desta sesión é a realización da entrevista persoal das persoas aspirantes definitivamente admitidas a este proceso selectivo.

### 1.- VALORACIÓN DA ENTREVISTA.

Realizouse unha entrevista a cada persoa candidata na que se valoraron as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria, na que se realizaron, asemade, preguntas sobre os méritos acreditados e sobre aspectos prácticos das funcións que se deberán desenvolver.

O tribunal acorda por unanimidade outorga-las seguintes puntuacións segundo se detalla a continuación:

NOME	PUNTOS ENTREVISTA
EMILIO SABORIDO FERNÁNDEZ	6,5
NATALIA BUELA SAMPEDRO	3,5

E non sendo máis os asuntos que tratar, dase por rematada a sesión cando son as 09,00 horas do día da data, do que eu, secretaria do tribunal dou fe.”



“ACTA Nº2 DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN - PROCESO SELECTIVO TÉCNICO/A FORESTAL  
“OBRADOIRO DE EMPREGO TORRE DE GOIÁNS IV-BOIRO”

SESIÓN DO 26/11/2024

**Asistentes:**

Presidente: María Mariño Poza

Secretaria: Martín Blanco Buceta

Vogal 1: Ángela Resúa Rodríguez

Vogal 2: Carmen Santamaría Olveira

Vogal 3: Carmen Saavedra Pego

No salón de plenos da Casa Consistorial, sendo as 13,30 horas do 26/11/24, reúnen os membros do tribunal designado para a selección dun/ha técnico/a forestal do Obradoiro de Emprego Medioambiental Torre de Goiáns IV-Boiro

O anuncio e bases da convocatoria publicáronse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 212 de data de 04/11/2024 e na páxina web do concello [www.boiro.gal](http://www.boiro.gal).

O obxecto desta sesión é a valoración do currículo das persoas aspirantes, propoñer a puntuación final e establecer o prazo de presentación de alegacións á baremación.

**1.- VALORACIÓN DO CURRÍCULUM.**

Os membros do tribunal queren facer constan que, con carácter xeral se aprecian erros na autobaremación presentada polas persoas aspirantes nos seguintes epígrafes:

**1) Titulacións complementarias:** Valorarase posuír unha titulación académica distinta á mínima esixida para participar no proceso selectivo sempre que a complementa ou estea relacionada coas funcións a desenvolver.

**2) Experiencia profesional:** valorarase experiencia profesional en postos similares, isto é docencia para a formación profesional.

**3) Cursos realizados:** só se valorarán **cursos** cunha duración mínima de 20 horas lectivas debidamente acreditados e homologados, relacionados coas materias obxecto da convocatoria, impartidos polas administracións públicas, universidades públicas e/ou sindicatos dentro dos plans de formación para o emprego.

4) Estar en posesión do **certificado profesional de habilitación para a docencia** sen prexuízo do previsto no artigo 168.1.c) do RD 659/2023, polo que a formación que habilita a docencia, se non se aporta este certificado profesional, enténdense coma requisito, polo que non procede a súa valoración.

**5) Coñecemento da lingua galega:** o CELGA 4 é un requisito, polo que non é obxecto de valoración.

Tendo en conta as bases que rexen este proceso selectivo e a documentación presentada polas persoas aspirantes, o tribunal acorda por unanimidade outorga-las seguintes puntuacións segundo se detalla a continuación:



NOME	TIT. COMPL	EXP. OBRAD	EXP. SIMILAR	CURSOS	GALEGO	TOTAL PUNTOS
EMILIO SABORIDO FERNÁNDEZ	0,1	2,1	3	0,6	0	5,8
NATALIA BUELA SAMPEDRO	0	0	0	0,2	0	0,2

## 2.- PUNTUACIÓN FINAL.

Procéde establecer as puntuacións finais das persoas candidatas participantes neste proceso selectivo. itas puntuacións virán dadas pola suma dos puntos acadados na fase de entrevista e na valoración do currículo e determinarán a orde de prelación, constituíndo a proposta de contratación:

NOME	PUNTOS CURRÍCULUM	PUNTOS ENTREVISTA	TOTAL PUNTOS
EMILIO SABORIDO FERNÁNDEZ	5,8	6,5	12,3
NATALIA BUELA SAMPEDRO	0,2	3,5	3,7

## 3.- PRAZO DE ALEGACIÓNS:

Tal e como se especifican nas bases que rexen este proceso selectivo, as persoas aspirantes disporán dun prazo de dous (2) días naturais, contados desde o seguinte ó da publicación da antedita listaxe no taboleiro de anuncios do Concello de Boiro para presentar as alegacións e emendas que estimen oportunas en relación coa baremación.

E non sendo máis os asuntos que tratar, dase por rematada a sesión cando son as 14,00 horas do día da data, do que eu, secretaria do tribunal dou fe.”

Boiro, á data que figura na marxe esquerda.

